

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL ENTRE FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA CON MOTIVO DA IV CONVOCATORIA DOS PREMIOS “SIXTO SECO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia , **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou con **FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL**, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, con motivo da cuarta (IV) convocatoria dos premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco” 2016.

Co fin de alcanzar o devandito obxecto, FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL asume o compromiso de efectuar a achega económica para a promoción, divulgación, apoio e mecenazgo á celebración dos citados premios e en concreto, coa da modalidade C destes premios, referida a “proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área da xestión cultural.”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (FCDCG) promove anualmente os Premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco” na Cidade da Cultura de Galicia, que xa vai pola súa IV Edición, actuación consistente nun concurso dirixido a emprendedores e profesionais independentes do sector cultural, que pretende:

Potenciar a realización de proxectos empresariais dentro do ámbito das industrias culturais.

Impulsar o desenvolvemento de novas ideas no dito ámbito.

As modalidades que premian esta convocatoria son:

- _ Modalidade A: proxecto innovador para a programación de aplicacións informáticas relacionados co sector cultural e proxectos culturais en internet.
- _ Modalidade B: proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área do deseño e da creación artística e plástica no ámbito cultural
- _ Modalidade C: proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área da xestión cultural.

FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL é unha fundación de interese social e de fomento da economía produtiva de Galicia, por Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de decembro de 2013, (DOG do 18 de decembro), e declarada de interese galego por Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG de 19 de decembro).

Entre os fins específicos de FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL consonte aos seus actuais Estatutos, encóntranse actuacións relativas á educación en todos os seus niveis, e ao apoio á cultura e ao deporte base; para o cal a Fundación executará, potenciará e/ou propondrá a convocatoria de premios e/ou a súa concesión a persoas,



organizacións e institucións que teñan destacado no mundo cultural, social e profesional.

FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL mantén e desenvolve unha importante actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, e reconece a importancia do emprendemento cultural relacionado coas novas tecnoloxías e, por extensión, a importancia dos premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco”, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, mediante a achega en concepto de doazón pura, simple e irrevogable, en, de forma altruísta, e sen contraprestación ningunha da cantidade que se referencia posteriormente na cláusulas do presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Ana Isabel Vazquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

